

Anxo Tarrío Varela  
Lembranza en neve para Álvaro Cunqueiro

Tal día como o de onte, 1 de marzo de 1981, Galicia despedía a Álvaro Cunqueiro no cemiterio de Mondoñedo. Hai agora 12 anos, e a neve semella que lembrou a efeméride cubrindo de branco a paisaxe que tanto amara en vida o máis grande fabulador das letras galegas e un dos máis grandes fabuladores de todos os tempos e de todas as xeografías.

Seguramente foi a neve o meteoro máis agarimado por Cunqueiro, que mirou o mundo como un neno mira adentro da bóla cristalina mentres fai caer as folerpas ao seu antollo e unha inxenua escena de coloríns lle abre as portas da imaxinación e da fantasía para se narrar a si mesmo un conto incríbel.

Cunqueiro vía na pureza aparente da neve un símbolo do pasar do tempo sobre a vaidade humana, borrando as miserias e facendo da historia do home unha "longa chaira igual" na que por veces xorde o pequeno lume dunha lembranza de xuventude.

Os galegos contamos por ducias. Unha ducia de anos vai alá e seguramente Álvaro Cunqueiro segue a ser un descoñecido para os galegos. A súa obra, variada e extensísima, aínda espera nos anaqueis das librerías a que a nosa sociedade vexa nel unha referencia segura e familiar da que botar man para pasar un anaco de tempo agradecido, para ilustrar unha anécdota ou simplemente para contar un conto a un forasteiro, pois, ábranse por onde se abran, dos seus libros sempre xurdirá un calor, un dicir inconfundíbel e un selo de orixinalidade que prende en nós como prende esa voz amábel e cercana que nos engaiola ás veces sen saber ben por qué, confortándonos, consolándonos, como un bálsamo con que aliviar a vida.

Antóllaseme que a neve está a lle facer unha homenaxe estes días ao noso grande escritor, neste cabodano que pón remate á primeira ducia de ausencia, do mesmo xeito que el fixo da neve o seu símbolo máis querido. Por iso coido que a mellor maneira de lembralo é volver sobre os escritos que nos deixou en patrimonio precioso, e mesmo escoitar outra vez aquela voz, melancólica pero esperanzada, que pón final ao *Merlín e familia*, nun maxistral párrafo que é coma un resume de toda a súa obra:

Os días pasados, as nubes que os cobren, os outos pensamentos que me van e ven, i a vida que levo pousada en min, ben poidera comparala coa neve que cae de mansiño e, póndose por alfombra diste mundo, tapa leiras e camiños, prados i airas, e da cara da terra nosa fai unha longa chaira igoal. Pro, por veces, brinca o solciño raiolán dunha lembranza de xuventude, e nalgún lugar derrete a neve, i é coma se na soedade do mundo un pasaxeiro

descoñecido alcendese unha pequena fogueira, e ti vas e por unha hora  
arrequéntaste a ela... ¡Memorias, memorias, memorias!.

3-marzo-1993